

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL E PEDAGÓXICA PONTE... NAS ONDAS! PARA RETRANSMISIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL (PCI) GALEGO-PORTUGUÉS A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE OBRADOIROS DE RADIO E PODCAST E DA CELEBRACIÓN DO DIA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE POR:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL E PEDAGÓXICA PONTE... NAS ONDAS! PARA RETRANSMISIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL (PIC) GALEGO-PORTUGUÉS A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE OBRADOIROS DE RADIO E PODCAST E DA CELEBRACIÓN DO DIA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, na súa condición de presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Da outra, Santiago Veloso Troncoso, na súa condición de presidente da Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas Ondas!, con CIF G-36350015, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle otorgan sus estatutos, constituída ao amparo da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, y das normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, sen ánimo de lucro e inscrita no Rexistro central de asociacións, adscrito á Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, con número 2000/000362-1.

E Carlos Cuadrado Romay, actuando en calidade de secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade para a formalización deste convenio en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas; e para estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I. Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establecen nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- Que o art. 36.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe competencias ás deputacións en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito, ou prestar asistencia e cooperación económica aos concellos. Pola súa parte, o art. 109 da LALGA atribúelles ás deputacións competencias de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, e en xeral no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, de xeito que cabe subsumir nas ditas materias, formas específicas de cooperación económica como a concesión de subvencións recollida no art. 114.c) da LALGA, ou, segundo prescribe o art. 118 do mesmo texto, organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

III. Que a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas! é unha entidade sen ánimo de lucro que, dende 1995, realiza actividades de dinamización do patrimonio cultural inmaterial (PCI) galego-portugués. Dende 2015 é una ONG acreditada pola UNESCO para o PCI, a única recoñecida en Galicia. No ano 2022 a UNESCO recoñeceu e inscribiu o “modelo Ponte...nas ondas! de boas prácticas co patrimonio cultural inmaterial galego-portugués” a instancias de Portugal e de España co apoio da Xunta de Galicia. Esta inscrición, a primeira para Galicia e para Portugal, é un



recoñecemento excepcional para a Asociación e para a súa traxectoria a prol do patrimonio cultural inmaterial.

IV. As actividades realizadas por Ponte...nas Ondas! céntranse na transmisión e posta en valor do patrimonio cultural inmaterial galego-portugués. Coa entrada en vigor da convención para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial en 2003, o traballo de PNO! continúa centrado na preservación, difusión e transmisión deste patrimonio común, razón pola cal pasa a dinamizar diversas accións: Mostras de Patrimonio, Concursos de Recolla, Congresos, Xornadas pedagóxicas, encontros con persoas portadoras, publicacións... Ao longo destas tres décadas, PNO! foi construindo unha rede de persoas, escolas, universidades e institucións que procuran o recoñecemento do patrimonio inmaterial galego-portugués no mundo. A asociación conta cun grupo de estudosos de Galicia e de Portugal no ámbito do patrimonio e da pedagogía procedente de universidades, institutos e escolas, así como de artistas e escritores do ámbito da lusofonía.

VI. Este convenio trata de por o énfase no vencello entre pertenza, territorio, identidade e cultura. A cultura non só trata de grandes eventos, senón que debe abranguer tamén actividades cotiás e o partillado do día a día, activos culturais que débense apoiar con maior pulo. Conscientes disto, a asociación PNO! leva 30 anos retransmitindo este patrimonio común a través de diversas actividades poñendo en valor a memoria colectiva entre os dous lados da fronteira e , a súa vez, proxectando unha imaxe común.

VII. O obxectivo xeral deste convenio é erixir a cultura como elemento integrador para a sociedade do territorio transfronteirizo e pór en valor o patrimonio cultural inmaterial galego-portugués, a través de dúas accións de dinamización de experiencias culturais conxuntas:

- Realización dunha serie de obradoiros de radio e podcasts.
- Celebración do "Día Internacional do Patrimonio" para os centros educativos.

Neste marco de colaboración, encádrese a proposta deste convenio entre a Deputación de Pontevedra e PNO! polo cal,

ACORDAN:

Primeiro.- Obxecto da colaboración

O obxecto deste convenio é artellar as bases de colaboración entre a Deputación e a asociación Ponte...nas ondas!! para levar a cabo dúas accións de dinamización de experiencias culturais, como son:

- A realización de 8 obradoiros de radio e podcasts sobre PCI que se desenvolverán en 8 centros educativos do sur da provincia:
 1. CEIP Petellos – Mos
 2. CEIP Seis do Nadal – Vigo
 3. CEP Altamira – Salceda de Caselas
 4. IES San Paio – Tui
 5. IES do Barral – Ponteareas
 6. IES Terra do Turonio – Gondomar
 7. IES Luis Seoane – Pontevedra
 8. IES de Salvaterra – Salvaterra de Miño
- A celebración do “Día Internacional do Patrimonio” o 15 de Novembro, no Centro Cultural de Valadares, Vigo, na que se desenvolverá un acto público cunha emisión por radio e internet e cunha actuación musical e un condutor do acto. A este acto convocaranse aos premiados do Certame que previamente realizará PNO!, “As imaxes do patrimonio”.

O desenvolvemento da colaboración xustifícase na protección e difusión do patrimonio cultural inmaterial transfronteirizo mediante a realización de accións que promoven:



- Aumentar a interrelación con persoas, familias e entidades diversas de cara a avanzar e afondar na recollida e estudo do patrimonio cultural histórico inmaterial transfronteirizo.
- Avanzar a posta en valor dos devanditos contidos coa finalidade de poñelos a disposición de toda a sociedade en formatos áxiles e modernos que garantan a máxima flexibilidade e dispoñibilidade para a súa consulta.
- De xeito moi especial, contémplese diversas estratexias de comunicación para dar a coñecer o modelo de Ponte...nas ondas! como boa práctica co PCI.

Os obradoiros realizaranse nos meses de outubro e novembro de 2024, mentres que o acto de celebración do “Día Internacional do Patrimonio” está previsto para o 15 de novembro.

Segundo.- Orzamento

O custo total a que se refiren estas actuacións son de 15.000,00€ (QUINCE MIL EUROS), incluíndo o IVE, definidas no Anexo I.

Terceiro.- Financiamento

As actuacións ás que se refire este convenio serán financiadas pola Deputación Provincial, que se obriga a sufragar o seu custo ata a cantidade máxima de 15.000,00 €, consonte a seguinte distribución:

| | Anualidade | Total |
|--------------------------|------------|-------------|
| Deputación de Pontevedra | 2024 | 15.000,00 € |

O pago realizarase contra a aplicación 24/942.9431.489.01 “A entidades sen fins de lucro, Coop. Transfronteiriza_Cooperación”, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

Cuarto.- Execución do convenio

1. A execución do convenio e o seu financiamento pola Deputación Provincial, terá lugar coa desagregación que se establece no anexo I deste convenio.

2. A Deputación de Pontevedra poderá inspeccionar as actuacións obxecto deste convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes.

3. A achega farase efectiva mediante transferencia bancaria que será liberada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención Provincial, e na parte proporcional do financiamento.

Quinto.- Compromisos da Deputación

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar os costes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de 15.000,00 € (QUINCE MIL EUROS), de conformidade co disposto no anexo I, que será liberada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, na parte proporcional do financiamento.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lla corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e da Resolución Presidencial número



2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000 euros.

Sexto.- Compromisos de PNO!

1. Correspóndelle á entidade o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización das actividades programadas. No procedemento de contratación, a entidade axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

2. A entidade responsabilizarse da organización integral dos obradoiros así como do acto público do “Día Internacional do Patrimonio”, co visto bo da Deputación de Pontevedra, así como de dispoñer dos espazos e de solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos.

3. Destinar os fondos recibidos ao pagamento dos gastos que se acheguen coa xustificación do gasto presentada.

Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pagamento e da identidade do perceptor. Para gastos de importe superior a 900, 00 € deben utilizarse formas de pago a terceiros que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data de pago.

4. Pagar os gastos nos que incorra PNO en relación co desenvolvemento do convenio e que sexan financiados con cargo ao mesmo, dentro do prazo de execución do convenio, e en todo caso, no prazo máximo de 1 mes desde que se reciba o último pagamento de fondos transferidos pola Deputación de Pontevedra.

5. Someterse ás actuacións de comprobación, que leve a cabo o órgano concedente ou entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto



nacionais coma comunitarios, e achegar tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

6. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Pontevedra, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

7. Cumprir cos demais supostos previstos neste convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sétimo.- Publicidade do financiamento provincial

1. As actividades obxecto de subvención deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a asociación PNO!.

2. PNO! fará constar de forma expresa o patrocinio da Deputación nos documentos e informes que se redacten, nas entrevistas e encontros que se celebren e nas publicacións divulgativas que se deriven das mesmas, así como na publicidade (web, RRSS) que con tal motivo se faga.

3. Coa conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

Oitavo.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1. En aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deberáselle de dar publicidade á subvención outorgada neste convenio, nos termos e condicións establecidos na dita lei. Por outra banda, consonte co disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, remitirase a Base de Datos Nacional de Subvencións a información correspondente á achega económica outorgada, nos termos establecidos na citada norma.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...Nas Ondas será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

Noveno.- Compatibilidade con outras subvencións

1. Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Porén o importe da subvención en ningún caso poderá ser da tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo total da actividade subvencionada.

Décimo.- Xustificación da subvención

A documentación xustificativa a presentar pola asociación, previa á realización do pago final, será a seguinte:

- Conta xustificativa que relacione os gastos e ingresos das actividades subvencionadas;
- Facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado;
- Na xustificación de ingresos, relacionaranse outras axudas concedidas para a mesma finalidade, así como os importes correspondentes a doazóns,

- patrocinios e outros ingresos afectados total ou parcialmente á actividade subvencionada;
- Memoria explicativa e detallada das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada, con mención dos resultados obtidos e identificación de asinante;
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e sociais.
 - Acreditación da difusión dada á colaboración da Deputación no financiamento das actividades;
 - Declaración responsable de que os ingresos e gastos que figuran na conta xustificativa se destinaron á actividade obxecto do convenio; dos ingresos obtidos; e de que as subvencións ou axudas obtidas non superan o custo da actividade.
 - Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedinte, data e importe total concedido.
 - Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado no anexo I, non podendo ser estas superiores ao 20% do consignado para ese concepto de gasto no orzamento

Décimo primeiro.- Comisión de Seguimento

1. Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das entidades asinantes, un dos cales terá carácter técnico

2. Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do seu contido.
- A coordinación entre as partes asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- En caso de que xurdiran controversias na aplicación do convenio, propoñer ás partes a resolución das mesmas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das entidades asinantes.
- A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

3. A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial de Pontevedra. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

Décimo segundo.-Vixencia e prazo de xustificación

1. O presente convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución das actividades ás que o mesmo se refire, que en todo caso non excederá do 30/11/2024.
2. Unha vez rematadas as actividades, PNO! deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula décima no prazo máximo de quince días contado a partir da finalización daquelas.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que

se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á asociación para que a presente no prazo improrrogable de quince días. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á PNO! da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 25ª (6º a 7ª) de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada por PNO! na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a asociación terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, devindicados desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

Décimo terceiro.- Extinción do Convenio

1. O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Serán causas de resolución:

1. O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
2. O acordo unánime dos asinantes.
3. O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistirá o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a

concorrenca de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4. Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
5. Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo cuarto.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social

1. A entidade deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa deputación provincial será realizada de oficio pola Deputación.

Décimo quinto.- Reintegro, infraccións e sancións

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá levar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devindiquen desde o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación, de conformidade co disposto na Bases de Execución do Orzamento da Deputación, seguirase o disposto nos artigos 36 a 43 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 a 101 seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

3. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro,

ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

Décimo sexto.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, Xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de Execución do orzamento da Deputación de Pontevedra. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á Presidencia da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

E, en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio no lugar e data da sinatura electrónica.

O Presidente da Deputación de
Pontevedra

Asdo.: Luis López Diéguez

O Presidente da Asociación Cultural e
Pedagóxica Ponte...nas Ondas!

Asdo.: Santiago Veloso Troncoso

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN CULTURAL E PEDAGÓXICA PONTE... NAS ONDAS! PARA RETRANSMISIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL (PCI) GALEGO-PORTUGUÉS A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE OBRADOIROS DE RADIO E PODCAST E DA CELEBRACIÓN DO DIA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO

ANEXO I

ORZAMENTO DA ACTUACIÓN

| OBRADOIROS DE RADIO E PODCASTS | |
|--|--------------------|
| 1. Realización de obradoiro (pago relator e monitor por sesión de 90 minutos) | 500,00 € |
| 2. Custos desprazamento e dietas (furgón e comida) | 150,00 € |
| 3. Aluguer material e difusión para obradoiro (mesa mesturas, microfonía, amplificación) | 225,00 € |
| Total 1 obradoiro | 875,00 € |
| TOTAL 8 OBRADOIROS | 7.000,00 € |
| CELEBRACIÓN DO "DÍA INTERNACIONAL DO PATRIMONIO" | |
| 1. Cartelería e difusión Deseño e impresión 500 carteis e dípticos Emisión de cuñas en radio e medios dixitais | 1.000,00 € |
| 2. Desprazamentos participantes (pago autobuses dende 18 lugares) | 2.500,00 € |
| 3. Produción audiovisual (material informático e audiovisual) | 1.000,00 € |
| 4. Actuación musical "Uxía Lambona e a Banda Molona" | 3.000,00 € |
| 5. Presentador e animación "Troula" | 500,00 € |
| TOTAL | 8.000,00 € |
| CUSTO GLOBAL DAS ACTIVIDADES | 15.000,00 € |

